

XI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE NADAL

“SAN CIBRAO EN NADAL”

1. OBXECTIVO

Constitúe o obxecto das presentes bases o regular os criterios de concesión dos premios do XI Concurso de Fotografía de Nadal en San Cibrao das Viñas,

Daranse tres premios en cada modalidade e haberá modalidade de adultos e modalidade de Infantil.

2. PARTICIPANTES:

Poderá participar no concurso calquera veciño, cunha fotografía por participante.

3. TEMA

Fotografías relacionadas coa Festa de Nadal. Trátase de aumentar o interese pola fotografía e das festas do Nadal, e facer partícipes a todos os veciños do Municipio co fin de obter un bo arquivo fotográfico.

4. FOTOGRAFÍAS

As fotografías presentadas deben de ser orixinais, inéditas e de autoría propia da persoa que as presente.

Permitese a edición dixital, áinda que non a manipulación, a eliminación ou o engadido de elementos alleos á imaxe captada.

Se fose preciso para a súa impresión, poderase solicitar ós autores da imaxe que a envíen en maior resolución e noutro tipo de formato.

As fotografías non se presentaran asinadas nin con marcas de auga.

A organización reservase o dereito a non admitir as fotografías que, segundo o seu criterio, non cumpran coas condicións técnicas, artísticas e/ou legais esixidas polo concurso, ou que firan a sensibilidade das persoas, inciten a conductas violentas, discriminatorias ou contrarias ós usos sociais.

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101





Non se aceptarán fotografías que foran publicadas ou exhibidas anteriormente.

O participante manifesta e garante que é o único titular de todos os dereitos de autor sobre a fotografía que presenta ó concurso e responsabilizase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas fotografías presentadas.

A organización presupón que o fotógrafo ten a autorización e o permiso das persoas que aparecen nos traballos presentados, recaendo sobre o autor toda a responsabilidade relacionada co dereito á intimidade.

5.- COMO PARTICIPAR

As fotografías deben estar realizadas con cámara dixital e deben respectar os seguintes requisitos:

- As fotografías deben ser arquivos formato JPG
- Admitiranse fotografías en branco e negro ou color.
- O peso do arquivo non debe pasar dun máximo de 5 Mb.

Os participantes que non cumpran con calquera dos requisitos indicados non entrarán no concurso.

6.- IDENTIFICACIÓN E DATA DE ENVÍO

Para participar hai que enviar as fotografías a cultura@sancibrao.es cos seguintes datos:

- a) **Indicar o Concurso no que participa**
- b) **Nome e apelidos do concursante**
- c) **Dirección de correo electrónico**
- d) **Número de teléfono de contacto**
- e) **Lugar onde se habita actualmente**
- f) **D.N.I (fotografía ou fotocopia)**
- g) **A fotografía ten que ser actual, orixinal e inédita, non poderá presentarse a outros concursos.**
- h) **Se a fotografía resulta premiada non podrá presentarse a outros certames.**

O prazo de admisión finaliza o luns 8 de xaneiro de 2024 ás 23:59



7.- FALLO DO XURADO

A composición do xurado será a seguinte:

Presidente: Dª. Marta Novoa Iglesias, Alcaldesa do Concello de San Cibrao das Viñas ou o Concelleiro que a substitúa.

Vocais: Dª. Ana Mª Moreiras Vázquez, Concelleira da Área de Cultura e Muller do Concello de San Cibrao das Viñas, Dª Mª Elena Rodríguez Justo, traballadora do Concello e Dª Lidia Taboada Espinoso, veciña do Concello. Actuará como secretario un dos representantes do Concello que actúen como membros do xurado.

Os criterios de avaliación do xurado serán a creatividade, orixinalidade, temática do nadal e a calidade fotográfica.

Modo de valoración:

<i>CREATIVIDADE</i>	<i>25 PUNTOS</i>	<i>25 %</i>
<i>ORIXINALIDADE</i>	<i>25 PUNTOS</i>	<i>25 %</i>
<i>TEMÁTICA DO NADAL</i>	<i>25 PUNTOS</i>	<i>25 %</i>
<i>CALIDADE FOTOGRÁFICA</i>	<i>25 PUNTOS</i>	<i>25 %</i>
	<i>100 PUNTOS</i>	<i>100 %</i>

A selección dos gañadores será a discreción absoluta do xurado e o seu fallo será definitivo e inapelable. A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das bases do mesmo. A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases e reservase o dereito de modificar algúns dos anteriores puntos por causas de forza maior.

O participante, polo mero feito de participar, acepta integralmente as presentes bases.

Calquera circunstancia non recollida nas bases será resolta pola organización

O fallo do xurado realizarase o 29 de xaneiro de 2024 e farase público sobre as 20:00 horas do día seguinte.

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101





8. PREMIOS

Concederan tres premios nas modalidades infantil e adultos:

Adultos:

- 1º premio.....250 euros
- 2º premio.....150 euros
- 3º premio.....100 euros

Infantil

- 1º premio.....Vale xoguetes valorado en 150 euros
- 2º premio.....Vale xoguetes valorado en 100 euros
- 3º premio..... Vale xoguetes valorado en 50 euros

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica

A alcadesa,

Marta Nóvoa Iglesias

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101

